

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 8 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais

- 1 38032 (10/POC-005999)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
 Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de converter os terreos da empresa Duchess e do “cargadoiro de mineral de Rande”, así como os adxacentes, en almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á súa compatibilidade cos valores da zona, declarada "lugar de importancia comunitario" e inserida na Rede Natura 2000, así como as súas intencións respecto do inicio do procedemento para a catalogación e protección dese cargadoiro de mineral e doutros exemplos do patrimonio industrial que existen na contorna
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

- 2 40976 (10/POC-006392)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
 Sobre os resultados, a situación actual e o custo total do proxecto denominado Videoguard posto en marcha no ano 2014 pola Consellería do Mar para combater o furtivismo na costas galegas, así como a valoración da consellaría ao respecto
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

- 3 40980 (10/POC-006393)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
 Sobre as razóns da transferencia de crédito levada a cabo no mes de setembro de 2018 con cargo ao importe total da partida orzamentaria denominada ““Axuda inicial a mozos e mozas pescadores”” do programa 723A, con destino ao programa 723B, ““Medidas de comercialización””, e as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o relevo xeracional no sector da pesca se elimina esas axudas
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

- 4 42042 (10/POC-006500)
 Grupo Parlamentario de En Marea



Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a notificación da Consellería do Mar a diversas confrarías de Galicia
da denegación do pagamento das axudas técnicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

- 5 42203 (10/POC-006545)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os traballos desenvolto pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura,
dependente da Consellería do Mar, e o Instituto Español de Oceanografía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 6 42405 (10/POC-006634)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas adoptadas pola Administración galega na investigación
dos sinistros ocorridos no mar o pasado mes de decembro e o seu resultado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 7 43175 (10/POC-006827)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción da vixilancia
e asistencia técnica nas confrarías cuxos proxectos nas solicitudes de axuda
presentadas ao abeiro da Orde do 7 de setembro de 2018 non foron
admitidos a trámite, así como as razóns da exclusión de cada unha delas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 8 43301 (10/POC-006850)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a valoración e as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto
dos datos reflectidos na enquisa Ocupesca referidos á baixada da
poboación ocupada no sector pesqueiro na provincia de Lugo no período
2013-2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 9 43521 (10/POC-006906)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as accións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego



para solucionar os problemas económicos das confrarías ás que lles denegou as axudas convocadas a través da orde do 7 de setembro de 2018 e coas que pagaban persoal de vixilancia e asistencia técnica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:
Marta Rodriguez Arias na data 05/02/2019 18:40:44



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2019 19:00:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/02/2019 19:00:53
Nº Rexistro: 13759
Data envío: 05/02/2019 19:00:53.048

CSV: REXISTRO-fmPUUOz1-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

